



Situación: Ctra. Colegio Universitario, 16
36310 VIGO (Pontevedra)
Teléfono: 986 469 301
Fax: 986 469 269
www.anfaco.es
xrvazquez@anfaco.es



CECOPESCA estableceuse no ano 1994 en Vigo, coma unha evolución do Departamento Técnico e de Investigación da Unión de Fabricantes de Conservas de Galicia, creado en 1949. Actualmente conta con 233 empresas asociadas pertencentes ó sector industrial transformador de produtos da pesca e a acuicultura e industrias afíns, contando con máis de 300 clientes tanto nacionais como estranxeiros.

CECOPESCA é un Centro de Innovación e Tecnoloxía creado co obxectivo de prestar un servizo integral ás empresas do sector transformador dos produtos da pesca e a acuicultura, encamiñado a: promover a calidade, investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no eido da conservación de produtos da pesca e da acuicultura, así como a transferencia dos resultados de investigación ó tecido empresarial; prestar asesoramento científico, tecnolóxico e normativo ás súas empresas asociadas; prestar asistencia técnica ás súas empresas asociadas, desprazándose ós propios centros produtivos, tanto en España como no estranxeiro e poñer a disposición das empresas todos aqueles mecanismos que favorezan a competitividade do sector e impulsen o seu desenvolvemento industrial.

Recursos humanos

Na actualidade traballan en CECOPESCA 59 persoas, das que 11 dispoñen do título de doutor, 36 son titulados de grao superior e 12 son técnicos superiores.

Organización / Áreas de traballo

A organización do Centro está encabezada pola Dirección Xeral da que dependen directamente o Adxunto á Dirección Xeral, responsable da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI), a Unidade de Garantía da Calidade; e o Responsable Técnico dos Laboratorios, de quen dependen as restantes seis áreas de actividade: Calidade e Seguridade Alimentaria, Microbioloxía e Toxinas, Biotecnoloxía e Bioloxía Molecular, Enxeñería, Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico, Medio Ambiente e Valorización de Produtos do Mar e Metroloxía e Calibración.

Instalacións / Equipamento

O Centro, atópase situado no Campus Universitario de Vigo contando con dous edificios propios, nos que dispón de 13 laboratorios dotados do máis avanzado equipamento no que a control analítico e Investigación e Desenvolvemento tecnolóxico se refire. Asemade, conta cunha Planta Piloto-Centro de Experimentación e Valorización de Produtos do Mar, onde se realizan as actividades de investigación a nivel semi-industrial de todo tipo de procesos de conservación de alimentos. Estas instalacións serán ampliadas nun curto prazo chegando a dispor dun total de 5.000 m² converténdose no maior centro privado de investigación de produtos do mar de Europa.

Servizos

Os servizos que ofrece o Centro están directamente relacionados coas áreas de traballo descritas con anterioridade. Son, fundamentalmente: control analítico, asistencia técnica, investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación, e transferencia de resultados de investigación.

Proxectos destacados

Algúns dos proxectos de I+D máis destacados, tanto de ámbito autonómico como nacional ou internacional, nos que participa o Centro son os seguintes:

- "FishPopTrace: The Structure of fish populations and traceability of fish and fish products". VII Programa Cadro
- "SPIES-DETOX: Active biological monitoring and removal of toxins in aquaculture ecosystems and shellfish including the development of a Solid-Phase In-Situ Ecosystem Sampler and detoxification of shellfish". VI Programa Cadro.
- "Desarrollo de envases activos con propiedades antioxidantes con buenas propiedades de resistencia térmica y mecánica que eviten la degradación de los compuestos grasos de los alimentos procesados." Plan Nacional de I+D+i.

Colaboracións, convenios ou alianzas con outras entidades

O centro Tecnolóxico participa, entre outras, nas seguintes organizacións de ámbito tecnolóxico:

- Alianza Ceide@: membro fundador e participante no seu consello reitor.
- FEDIT (Federación Española de Entidades de Innovación y Tecnología).
- Plataformas Tecnolóxicas: PTGAL, TEC-NOPEIXE, PTEPA, Food for Life-Spain.



CECOPESCA mantén en unha intensa relación con diferentes administracións, asociación ou entidades de investigación tanto estatais como estranxeiras para promover a cooperación científico-técnica. No ano 2008 formalizáronse convenios de colaboración con entidades estranxeiras como : Cavthrow Institute (Nova Zelandia); Thai Food Processor's Association (Tailandia) ou a Agencia de Desarrollo Provincial de Manabí (ADPM) (Ecuador).

Acreditacións e certificacións

Os laboratorios de CECOPESCA están acreditados por ENAC segundo a Norma UNE-EN ISO/IEC 17025 "Requisitos xerais relativos á competencia dos laboratorios de ensaio e calibración".

Propiedade industrial

CECOPESCA conta actualmente con 7 patentes desenvolvidas no eido da calidade e seguridade alimentaria.